
O DEPORTE ESPECTÁCULO COMO ELEMENTO CIVILIZADOR DENDE A PERSPECTIVA DOS ESPECTADORES DEPORTIVOS: UNHA ANÁLISE DENDE A FILOSOFÍA DA “NONVIOLENCIA” E A TEORÍA DOS ÁMBITOS INTERCONDICIONANTES

Maria José Mosquera González

Resumen

O obxectivo da presente intervención é analiza-lo deporte espectáculo como elemento civilizador, entendendo por esta expresión a transmisión de valores, actitudes e conductas contrarias á violencia: respecto ás persoas, autoconfianza, liberdade de expresión, disfrute do tempo de ocio sin amenazas, tolerancia, non violencia, en definitiva, posibilidades de desenrolo integral das persoas. Os criterios de análise serán dous: a Teoría dos Ámbitos Intercondicionantes sobre á explicación da aparición de comportamentos violentos nos espectadores deportivos, xurdida a partir da revisión bibliográfica e os datos empíricos recollidos no Estadio de Riazor (A Coruña), e a filosofía da “Nonviolencia”, retomada das corrientes educativas da Educación para a Paz.

Palabras-Claves

Deporte espectáculo; Teoría dos ámbitos intercondicionantes; Filosofía da nonviolencia.

Abstract

The objective of the present research is to analyze the sport show as a civilization element, understanding this expression as the transmission of values, attitudes and contrary conducts the violence: I respect the people, solemnity-trust, freedom of expression, enjoyment of time of leisure without threats, tolerance, non violence and, in definitive, possibilities of the people's integral development. The analysis criteria will be two: a the Theory of the ambits "intercondicionantes" about the explanation of the appearance of violent behaviors in the sport spectators, appeared starting from the bibliographical revision and of data empiric picked up in the State of Riazor (Coruña), and the philosophy of the no-violence ", retaking of the educational currents of the Education for Paz.

Key-Words

Sport show; Theory of the ambits "intercondicionantes"; Philosophy of the no-violence.

A FILOSOFÍA DA NONVIOLENCIA

Cando falamos da filosofía da “Nonviolencia” estamos facendo referencia a unha corrente educativa que se sitúa no contexto da Educación para a Paz e que inclúe un legado histórico que alude a unha serie de conceptos complementarios como son: educación para a comprensión internacional, para os dereitos humanos e o desarme, para a non violencia e a resolución de conflitos de maneira positiva e educación para o desenvolvemento.

Para situar esta tendencia dicir que nace, fundamentalmente, pola preocupación ante as consecuencias sociais, políticas e económicas das Guerras Mundiais. Os grupos sociais, pero sobre todo os movementos de renovación pedagóxica e máis tarde organismos internacionais, intentan analizar e comprender porqué o home pode chegar a niveis de crueldade e violencia tan brutais que fan desaparecer os dereitos humanos e poñen en perigo o desenvolvemento integral da persoa.

A “nonviolencia” non é simplemente a negación da violencia, senón algo máis: unha maneira de pensar, unha forma de entender-lo home e as relacións que establece, unha maneira de actuar, etc. En definitiva, unha filosofía de vida, polo tanto a expresión ten un contido propio e coincidimos con outros autores cando falan da necesidade de aproveitar o dinamismo creador da linguaxe e utilizar a expresión “nonviolencia” como unha soa palabra (Jares, 1991).

Consideramos pois a violencia como aquilo que obstaculiza a autorrealización humana, entendida ésta como a satisfacción das necesidades básicas, materiais e non materiais. Como consecuencia podemos falar de nonviolencia a tres niveis: estilo de vida, forma de resolver conflitos e estratexia política de transformación da realidade.

A nonviolencia, para facilita-lo desenvolvemento personal, necesita que os dereitos humanos estén garantizados e que os conflitos, inevitables nos contextos sociais, se afronten e resolvan de forma nonviolenta.

O conflito é un proceso natural, inevitable e positivo, un factor determinante dos cambios sociais e un elemento importante de socialización na nosa vida cotiá. Polo tanto non podemos sustraernos a él, non é eliminable. A filosofía da nonviolencia non está a propor a pacificación artificial das relacións humanas, posto que cando isto ocorre os conflitos seguen existindo aínda que estén latentes e o final terminan magnificándose e enturbiando aínda máis as relacións. O que si plantexa é o feito de aprender a afrontalo,

controlalo e encauzalo de forma nonviolenta.

A agresión e as conductas violentas, pola súa parte, son un medio para eliminar ó contrario. Agresión e agresividade non son o mesmo. As conductas violentas que emanan da agresión son actos evitables, mentras que a tendencia ou disposición natural hacia a agresividade é inevitable ou incluso positiva para a socialización, posto que a través dela a persoa desenrola a súa autoafirmación tanto física como psíquica. Si non existira a agresividade posiblemente se xeneraría pasividade no individuo. En principio a agresividade é neutra, o que ocorre e que ó estar condicionada polos factores socio-culturais do entorno (educación, historia persoal, sistema social, etc) pode provocar tanto un comportamento violento como non violento.

En este sentido, a proposta da educación para a nonviolencia vai encamiñada ó análise das relacións e conductas humanas e das estratexias utilizadas para afronta-los conflitos e resolvelos, de maneira que se facilite a clarificación de valores e comportamentos cotiás de cara á súa modificación, si se considerara que éstos non responden á filosofía da non violencia. (Mosquera, Sánchez e Lera, 1988).

Seguindo a Jares (1991) podemos concreta-la filosofía da nonviolencia nas características pedagógicas seguintes:

- Educación en valores: a educación nunca é neutral, inspírase sempre nun sistema de valores e nunha ideoloxía, aínda que o que pode ocorrer e que esa transmisión de ideoloxía se realice de forma inconsciente. Esta educación en valores esixe levar a cabo un proceso previo que se podría concretar en varias fases: clarificación de valores, análise dos valores tradicionais, análise de valores alternativos e adhesión a novos valores.
- Educación integrada no medio: baseada na análise da realidade cotiá para poder diseñar propostas de intervención que modifiquen e melloren ese contexto
- Educación baseada na aceptación da existencia de conflitos e na súa resolución de maneira positiva. O que implica educar non para suprimi-la agresividade, senón para facilita-lo control das tensións e evitar que os conflitos se resolvan de maneira violenta, educar para fomenta-la autoafirmación, a autoestima e a confianza nun mesmo, para a tolerancia da diversidade e para o compromiso coa xusticia.
- Educación interconectada coa investigación e a posta en practica de accións para a nonviolencia.
- Educación como actividade política: como proceso orientado a que as persoas coñezan criticamente o funcionamento das estruturas sociais e políticas a todo-los niveis, de maneira que podan adoptar

posturas de colaboración ou desobediencia.

- Educación global, holística e sistémica, posto que estamos nunha sociedade global na que os problemas están interconectados.
- Educación realista e posible: parte da crítica ó utopismo pedagóxico da Escola Nova posto que consideran que a educación por si mesma non pode erradica-la violencia estrutural que impide a paz e afecta á supervivencia da especie humán. E necesario que a transformación social tamén se leve a cabo a través da acción política e social.
- Educación interdisciplinar e integrada nos curricula escolares, que afecte a tódalas áreas e á organización e funcionamento do centro.
- Educación baseada tamén no xogo, na diversión e na creatividade.

A FILOSOFIA DA NONVIOLENCIA E A SOCIOLOXÍA DA VIOLENCIA NO DEPORTE: NORBERT ELIAS

Curiosamente, os desastres da II Guerra Mundial, dalgún xeito, son tamén un dos motivos que propiciaron o estudio dos problemas da violencia no mundo do deporte. Nos referimos a que Norbert Elias por circunstancias históricas sofre as persecucións nazis, tendo que abandonar Alemania, e iste feito resulta importante na súa búsqueda de respostas ós actos de barbarie no que se supón un estado avanzado de desenrolo humano. O seu obxectivo é ofrecer explicacións que axuden ás persoas a organiza-las súas vidas de maneira que non teñan cabida as traxedias que de maneira recorrente estanse a producir (Durán, 1996). As súas reflexións consideramos que conectan coa cuestión fundamental na que incide a filosofía da nonviolencia: a análise dos modelos de relacións.

Elias elabora unha socioloxía histórica baseada en dous aspectos: o proceso de civilización e o fenómeno da violencia como unha realidade inherente a ese proceso, o que significa que a violencia non desaparece coa civilización, sinon que se transforma. Os Estados dispoñen do control dos instrumentos de violencia e isto propicia que os individuos pacifiquen os seus comportamentos, posto que hai normas, presión social orientada a controla-la agresividade, os sentimentos en xeral, etc. A consecuencia é que as sociedades volvense, en aparencia, máis “civilizadas”, pero non resollen as súas diferencias.

A explicación que Elías constrúe para determinar o grao de desenrolo dunha sociedade resulta certamente decisiva para comprender algúns dos mecanismos responsabeis da aparición das guerras pero tamén á

violencia nos espectadores deportivos.

Unha sociedade está formada por tres ámbitos: tecnolóxico, organización social-nexos sociais e proceso de civilización (autocontrol). O feito de que establezan relacións de interdependencia non significa que experimenten crecimentos paralelos. Nas sociedades modernas desenroláronse máis as ciencias naturais (tecnoloxía) que as ciencias sociais (relacións humanas) e isto provocou que canto menos suxeta está ó control humano unha serie de acontecementos (conexións sociais), tanto máis emocional e cargada de fantasías tende a ser a idea que a xente ten dela (ELIAS e DUNNING, 1992). O que propicia que as persoas non esten capacitadas nin para analizar obxetivamente as relacións sociais que establecen, nin para construír modelos de relación axeitados, nin, por suposto, para controlalos.

Podemos aplicar este plantexamento das relacións humanas con respecto ás guerras. A existencia de armas intensifica os temores e as sospeitas mutuas dos antagonistas, pechandoos nunha “figuración de dobre vínculo” (ELIAS Y DUNNING, 1992), de mútuos temores e hostilidades. Canto maior é a hostilidade e a sospeita con que se ven, máis se arman, co cal acrecentan recíprocamente as súas hostilidades e sospeitas ata entrar nunha espiral interminable. As relacións internacionais caracterízanse moitas veces por tensións incontrolables, están en un nivel relativamente baixo de civilización, e cando estalan producen efectos “des-civilizadores”.

A mesma figuración de dobre vínculo pódese trasladar ademais ás relacións humanas cotiás que se dan no mundo do deporte, en concreto ó que respecta ós espectadores deportivos. No momento en que vemos á outra persoa como contrario-enemigo e non dispomos dunha información obxetiva e real dos seus actos, comportamentos, contestacións, etc., vamolos interpretar dende a nosa hostilidade cara él, polo tanto porémonos á defensiva e non en unha actitude de diálogo. A resposta do contrario manterá a mesma dinámica: dado que non hai coñecemento real nin información imaxina interpretacións da conducta, entrando nunha espiral de malos entendidos que iránse incrementando sin solución, ó menos que unha das partes sexa capaz de saír de esa postura irracional.

Como podemos constatar, a preocupación de Elias segue a mesma liña da filosofía da “nonviolencia”: a necesidade de mellora-las relacións internacionais, de achegar ós pobos e ás persoas, de favorecer-lo respecto mútuo, a tolerancia, en definitiva, as relacións humanas, co obxectivo de evita-las hostilidades, as desconfianzas e, en última instancia, as confrontacións violentas.

A TEORÍA DOS ÁMBITOS INTERCONDICIONANTES

Co ascenso do R.C. Deportivo da Coruña, no ano 1992, á primeira división da Liga de Fútbol Profesional iniciamos unha liña de investigación orientada a coñecer os comportamentos dos espectadores que acuden a presencia dos partidos, así como os factores desencadenantes das condutas violentas (Mosquera y Saavedra, 1996). Como metodoloxía de traballo optamos pola observación participante nas distintas zonas do Estadio elegidas, aínda que foron elaboradas diferentes fichas de recollida de datos.

O concepto de violencia do que partimos entendimolo dun xeito amplo, non só como violencia física, posto que noutro tipo de condutas existe falta de respecto, agresión simbólica, desprecio, etc. As condutas violentas a observar clasificámolas do seguinte xeito:

- Físicas: golpes, empuxóns, pelexas, etc.
- Verbais: insultos, gritos, cancións, himnos, etc.
- Xestuais: xestos de todo tipo, obscenos, etc.
- Simbólicas: símbolos que poden aparecer en pancartas, bandeiras, etc.

Unha vez precisada a estratexia metodolóxica e referidos os criterios de análise pasamos a explicar a teoría que elaboramos, a partir dos datos recollidos, con respecto á violencia que manifestan os espectadores deportivos, chamámoslle “teoría dos ámbitos intercondicionantes” (Mosquera y Sánchez, 1988).

A revisión bibliográfica respecto da aparición da violencia aportábanos unha explicación parcializada. Sí existían teorías que explicaban aspectos puntuais do fenómeno da violencia, pero nós entendíamos que éste era moi complexo, polo tanto, multifactorial e que as teorías parciais non satisfacían a necesaria visión global. Consideramos entón que era preciso dar un paso máis. Despois de barallar distintos criterios, optamos pola utilización dos factores condicionantes da violencia como criterio artellador da nosa teoría, posto que desta forma tódolas causas posibles estarían recollidas. A cuestión a resolver agora era a inclusión dos factores en categorías. A identificación dos ámbitos de procedencia destes factores resolveu o problema. A denominación dos mesmos é a seguinte:

- ámbito do individuo: teorías biolóxicistas e psicolóxicas.
- ámbito do grupo: aprendizaxe social, identidade diferencial, rasgos propios de cada sociedade, conflitos sociais, etc.

- ámbito do contexto propio: lugar donde se producen os feitos violentos, o instante mesmo. Pero este contexto pode ser tanto o estadio como as inmediacións do mesmo.
- ámbito do contexto alleo: entramado deportivo e social creado entorno ó xogo deportivo: medios de comunicación, actitude do Estado e dos poderes públicos hacia o problema e a propia profesionalización do deporte.

Através dos nosos estudos poidemos constatar que existen conductas violentas nos espectadores e que nas mesmas conflúen múltiples factores desencadenantes. Seguindo a filosofía da nonviolencia, asumimos a inevitable existencia de conflitos e diferencias entre as persoas, de todos modos non podemos asumir que a única vía para afronta-los sexa a violencia en calquera das súas manifestacións.

ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS E VARIABLES QUE CONFIGURAN O DEPORTE ESPECTÁCULO: ACTITUDES E VALORES QUE SE TRANSMITEN

A través do deporte o individuo aprende unhas regras, o que significa que asimila valores e interioriza unha filosofía de vida. Desenvolve unha maneira determinada de entender a saúde, a hixiene, a convivencia, o sentimento de grupo, o concepto de xogo limpo, o gañar e o perder. E a través de todo isto consolida a súa identidade, autoafirmándose como individuo diferente ós demais ó tempo que se sente membro dun grupo (como practicante, como aficionado, como espectador, etc).

Unha vez exposta esta reflexión, plantéxase a seguinte dúbida ¿O deporte espectáculo actual é un elemento civilizador en sentido positivo, transmitindo valores de respecto, solidariedade, cooperación, etc., de autorrealización e de afrontamento de conflitos de forma non violenta ós espectadores deportivos tal como plantexa a filosofía da nonviolencia?.

Referidas xa diferentes cuestións nos apartados anteriores, necesitamos facer agora as seguintes precisións para poder presentar a nosa percepción sobre o problema plantexado.

As distintas manifestacións violentas que se producen repítense de cotío nos distintos partidos disputados. Aínda que non son frecuentes os comportamentos físicos violentos sí o son os de tipo verbal, xestual e simbólico.

Os espectadores que asisten a este tipo de acontecementos son habituais, acuden con regularidade. En este sentido observan tamén con regularidade os comportamentos violentos que acontecen, aínda que tamén teñen

a oportunidade de comprobar que igualmente se dan conductas positivas de xogo limpo. De todo-los xeitos, considerando as observacións realizadas no Estadio de Riazor e a maior atención e cobertura que os medios de comunicación lle conceden ós sucesos violentos fronte ás conductas de xogo límpio, estimamos que na percepción ou balance do espectador prevalecen as primeiras.

Por outra parte, os estadios podemos consideralos como lugares de reunión social. Moitos espectadores ocupan lugares ou zonas fixas dentro das gradas e isto, unido ó feito de que acuden con regularidade, favorece as relacións sociais, os contactos e as amizades ó utilizar esos espazos como lugares de cita, puntos de encontro, etc. sobre todo nos máis xóvenes. Percibimos incluso que as bancadas son lugares donde se dan situacións de galanteo. En este sentido, o problema é que as manifestacións violentas incorpóranse á vida cotiá dos asistentes ó Estadio.

Por outra parte, os espectáculos deportivos son contextos nos que as normas sociais se relaxan volvéndose menos estrictas do que habitualmente son. Recordemos que estamos a falar de tempos de ocio, de descanso, de festa, etc. E tamén hai que ter en conta que unha persoa situada en un contexto menos sancionador do habitual, que ademáis lle facilita o anonimato, se desinhibe con máis facilidade deixando que os seus instintos máis agresivos afloren.

Dende esta flexibilización das normas sociais podemos entender máis claramente o feito de que sexa habitual que na nosa cultura exista a tendencia a manifestar conductas de insulto e agresión ós xogadores, árbitros ou outros espectadores e que isto non sexa mal visto. O resultado é que se produce unha institucionalización-oficialización das manifestacións e comportamentos que unha persoa pode ter cando acude a ver un espectáculo deportivo, polo tanto se vai a sentir lexitimada para comportarse violentamente ata un nivel determinado.

En este sentido, identificamos algunhas variables que contribúen a reforzar esta tendencia:

- Os presidentes dos clubs son conscientes do papel que xogan as hinchadas nas gradas para crear ambiente, por isto chegan a desculpar conductas negativas pero que non chegan a ser violencia física.
- Os xogadores lles ocorre o mesmo. Un estadio vacío, unha grada en contra é un obstáculo máis que combatir, polo tanto non suelen entrar a criticar os comportamentos negativos que os espectadores podan manifestar.

-
- Algúns políticos e persoas de prestixio do mundo da cultura e do ámbito universitario defenden que é bó que unha persoa acuda o campo de fútbol a descargar toda a agresividade e frustración acumulada polo acontecido na semana laboral. Entenden que o espectáculo deportivo pode funcionar como terapia. O problema é que actúan como modelos de conducta.
 - Por outra parte, existe unha tendencia bastante xeneralizada, incluso entre os responsables da seguridade nos estadios, a concebir a violencia en función, únicamente, do número de feridos ou mortos, polo tanto cando non existe este resultado consideran que non hai violencia. As veces é difícil conseguir que entendan o problema do que estamos a falar.

Pero, de todos modos, aparece outra variable que complica a situación que estamos a analizar. No desenrolo do espectáculo prodúcense situacións de euforia e pasión que están en función do desenrolo do partido, pero tamén en función do nivel de identificación de un aficionado co seu equipo.

A partir dos nosos estudos podemos dicir que existe unha condición que sobresaie por enriba de outras para que as condutas violentas se produzan: que na persoa aconteza un proceso de forte interiorización e identificación co seu equipo que consiga penetrar de tal forma no seu mundo ata o punto que chegue a formar parte da súa vida cotiá e que se constitua no seu motor de acción (Mosquera y Sánchez, 1988). Cando eso ocorre a persoa, o espectador, si percibe que o que lle dá sentido á súa vida se sente ameazado, ata certo punto, pode sen entendible que actúe con radicalismo, violentamente e prescindida das regras sociais. En este sentido a figuración de dobre vínculo da que fala Elias adquire pleno significado, pero a cuestión é que se lle está restando importancia a este proceso, ¿quizás porque se dá no mundo do deporte?.

En relación co anterior, a análise da vida cotiá dos aficionados radicais: tempos e protagonismos que ocupa o fútbol, o seu equipo, na súa vida diaria, permitenos constatar en qué medida o deporte chega a organizar e condiciona-las vidas dos afeccionados.

De todas formas, quedanos por comentar unha variable que conecta con outras cuestións xa expostas. No desenrolo do espectáculo deportivo producense situacións de contaxio e imitación de todo o que acontece, e polo tanto tamén do negativo. En concreto, na zona na que se situaban os nenos poidemos ver como éstos reproducían todo tipo de xestos, cancións e expresións que eran propios dos “hinchas oficiais” e que moitas veces respondían máis á dinámica de festa que o que acontecía propiamente no xogo.

CONCLUSIÓNS

Realizadas todas estas consideracións, dende a nosa perspectiva de análise, a filosofía da nonviolencia, non podemos considera-lo deporte espectáculo como un elemento civilizador nunha dirección positiva con respecto ós espectadores deportivos.

Da mesma maneira que os nenos, os xóvenes e os adultos como practicantes imitan o xogo, as xogadas, etc. tamén imitan os comportamentos violentos dos espectadores máis radicais. Pero non os imitan só no propio estadio donde se dan esas condutas. Igual que a violencia sae do estadio e acontece fora do mesmo, nas inmediacións, entre outras cousas porque ahí moitas veces non chegan os efectivos policiais, a imitación das condutas violentas tamén sae do estadio. En este sentido, prodúcese unha aprendizaxe social que traspasa os límites do contexto deportivo profesional e os modelos de conduta se inscriben en outros ámbitos como pode ser o deporte recreación-ocio ou o xogo libre.

En este sentido, para que o Deporte espectáculo sexa civilizador en unha dirección positiva necesita mudar algúns dos comportamentos dos distintos sectores implicados: espectadores, directivos, xogadores e medios de comunicación. Pero a estratexia non pode ser unicamente policial e tampouco proceder do ámbito deportivo, dado que os implicados viven en un contexto social.

Debemos recordar que non estamos a considera-lo deporte espectáculo como un elemento aillado da sociedade. Temos un deporte espectáculo que está en conexión coa sociedade na que vive, e esta sociedade tampouco é civilizadora en esa dirección positiva da que estamos a falar.

Precisamos estas cuestións porque non queremos que quede a idea de que culpamos ó fútbol profesional da violencia que se da na sociedade. E tampouco pretendemos dicir que sexa o fútbol en si mesmo, como tal modalidade deportiva, o culpable. Isto non é así posto que consideramos que calquera deporte, calqueira modalidade deportiva, que adquira o nivel de desenrolo, transcendencia e repercusión social que ten o fútbol chegaría a manifestar unha situación de violencia semellante.

A liña de investigación que se iniciou co estudio da violencia: determinando primeiro os factores que a producían e construindo despois unha teoría que explicara estes feitos se continúa agora con unha proposta educativa (Mosquera, Sánchez y Lera, 1988). Si as estratexias policiais de prevención da violencia no nos valen, por ser parciais, debemos pensar en como artellar unha proposta global que abarque máis contexto que

o propiamente deportivo profesional ou deportivo en xeral.

En este sentido, parecenos que a filosofía da “Nonviolencia” pode ser o marco conceptual idóneo no que inscribir as accións a levar a cabo dado que reflexiona sobre as relacións humanas, os conflitos, a maneira de afrontalos e resolvelos. Incidindo ademáis no xogo limpio e nas actitudes personais a traballar para que a persoa poda levar a cabo un proceso de crecemento persoal en esta liña: autorrealización, tolerancia, loita pola igualdade, respecto ás diferencias, búsqueda de saúde física e mental a través do deporte, disfrute do xogo, respecto ó adversario dado que sin él non existiría a competición, cumprimento das regras, canalización das discrepancias por vías non violentas, etc.

A propia dinámica social nos demanda estratéxias educativas de solución. Non é que sexamos os teóricos os que dende fora analizamos o feito violento e propoñemos ideais de conducta que a todos nos gustaría acadar. Nos mesmos formamos parte da dinámica social. Aínda que o teórico fai o esforzo de saír fora da realidade que analiza él mesmo é protagonista e responsable de ese contexto de violencia.

En función deste proceso social de equilibrio dinámico, ante unha situación “descivilizadora” xurde naturalmente unha vía “civilizadora”. Polo tanto, os desequilibrios sociais tenden a autorregularse. E a civilización e descivilización son caras dunha mesma moeda.

REFERÊNCIA

DURAN GONZÁLEZ, J. (1996).: El vandalismo en el fútbol. Madrid, Gimnos.

ELÍAS, N. y DUNNING, E. (1992).: Deporte y ocio en el proceso de civilización. Madrid, F.C.E.

JARES, X. (1991): Educación para la paz. Su teoría y su práctica. Madrid, Editorial Popular.

MOSQUERA, M^a J. y SAAVEDRA, M.: “Propuesta metodológica para la identificación de factores y procesos que determinan la aparición de comportamientos violentos en los espectadores de fútbol. Una experiencia de observación participante en el Estadio de Riazor” en SÁNCHEZ MARTIN, R. (1996).: La actividad física y el deporte en un contexto democrático:1976-1996. Pamplona, AEISAD.

MOSQUERA, M^a J. y SÁNCHEZ, A. (1998).: “El problema de la violencia en los espectáculos deportivos desde la sociología del deporte. Un marco teórico de análisis”. Apunts, nº 51.

MOSQUERA, M^a J, SÁNCHEZ, A y LERA, A. (1988).: Educación para la noviolencia en el deporte y la actividad física. Barcelona, Inde. (En prensa).

DRA. MARIA JOSÉ MOSQUERA GONZÁLEZ
INEF-GALICIA

Referência do artigo

ABNT

GONZALEZ, M. J. O deporte espectáculo como elemento civilizador dende a perspectiva dos espectadores deportivos: unha análise dende a filosofía da “nonviolencia” e a teoría dos ámbitos intercondicionantes. *Conexões*, v. 0, n. 4, p. 117-128, 2000.

APA

González, M. J. (2000). O deporte espectáculo como elemento civilizador dende a perspectiva dos espectadores deportivos: unha análise dende a filosofía da “nonviolencia” e a teoría dos ámbitos intercondicionantes. *Conexões*, 0(4), 117-128.

VANCOUVER

González MJ. O deporte espectáculo como elemento civilizador dende a perspectiva dos espectadores deportivos: unha análise dende a filosofía da “nonviolencia” e a teoría dos ámbitos intercondicionantes. *Conexões*, 2000; 0(4): 117-128.